



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Traducción idioma 2, II: Inglés-Galego

Materia	Traducción idioma 2, II: Inglés- Galego		
Código	V01G230V01506		
Titulación	Grao en Traducción e Interpretación		
Descriidores	Creditos ECTS 6	Sinale OB	Curso 3
Lingua de impartición	Galego Inglés		
Departamento	Traducción e lingüística		
Coordinador/a	Álvarez Lugrís, Alberto		
Profesorado	Álvarez Lugrís, Alberto		
Correo-e	alugris@uvigo.es		
Web	<a href="http://faitic.uvigo.es">http://faitic.uvigo.es</a> - <a href="http://alugris.paratraduccion.com">http://alugris.paratraduccion.com</a>		
Descripción xeral	<p>Esta Traducción inglés-galego é unha materia obligatoria 6 créditos ECTS situada no primeiro cuatrimestre do segundo curso do Grao en Traducción e Interpretación. En xeral, as distintas materias de tradución concíbense como continuación da materia de Antropoloxía das prácticas de tradución e interpretación e como un afondamento do alumnado no proceso tradutor e en tódolos parámetros que o determinan. É unha disciplina que proporciona unha formación básica e xeneralista. Básica porque o alumnado afonda nos rudimentos tanto teóricos como sobre todo prácticos para facerles frente ás encargas de tradución e ó resto de materias do grao; xeneralista porque se lle presentan unha grande cantidade de tipos textuais, encargas e problemas de tradución que emulan o traballo real que existe fóra da aula.</p> <p>Os textos cos que se adoita traballar nesta materia teñen un baixo grao de especialización no sentido de que non presentan grandes problemas de terminoloxía nin de documentación sobre campos temáticos especializados, pero non se pode dicir que sexan textos especialmente sínxelos ou básicos. De feito, tódolos materiais cos que o alumnado traballa tanto na clase como individualmente son reais e non adaptados, susceptibles de seren obxecto de tradución e non simples actividades creadas ad hoc.</p> <p>Podemos dicir que a Tradución idioma I é, xunto coa Antropoloxía de primeiro curso, a base común da formación de tradutores e intérpretes. Falamos de base común porque as dúas actividades (tradución e interpretación) se poden ver como dúas variantes dun mesmo comportamento social de mediación na comunicación. Existen, por suposto, diferenzas entre ámbalas dúas, pero tras delas subxace unha mesma actividad de transferencia.</p> <p>Esta materia mantén por iso estreitas relacións didácticas, pedagógicas, conceptuais e de procedemento coas demás materias do grao, xa que afonda nas ferramentas do proceso tradutor, que lle servirán ó alumnado para encarar, por exemplo, o estudo das traducións especializadas, inversas, etc.</p>		

## Competencias de titulación

Código	
A1	Dominio de linguas estranxeiras
A2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
A4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
A8	Destreza para a procura de información/documentación
A9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais
A10	Capacidade de traballo en equipo
A12	Posuér unha ampla cultura
A17	Capacidade de tomar decisións
A18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
A22	Destrezas de tradución
A29	Formación universitaria específica
A31	Coñecementos de informática profesional e TAC
B1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia

B2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
B3	Capacidade de organización e planificación de proxectos
B4	Resolución de problemas
B7	Toma de decisións
B9	Razoamento crítico
B10	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade
B13	Traballo nun contexto internacional
B14	Motivación pola calidade
B16	Adaptación a novas situaciones
B17	Comprensión doutras culturas e costumes

### Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Saber cales son os criterios que definen unha actuación pertinente, relevante e oportuna dentro da cultura de chegada e de partida, como afastarse deles e que consecuencias terá esa decisión	A1 B1 A2 B2 A4 B10 A8 B13 A9 B17 A12 A22
Domina-los mundos textuais e mitolóxicos das dúas culturas coas que traballa, as distintas convencións sociais e, sobre todo, o papel do tradutor en ámbalas dúas	A1 B4 A2 B9 A4 A17 A18 A31
Ser quen de se adaptar a un mercado laboral cambiante que esixe de contínuo novas especializacións temáticas	A17 B3 B9 B14
Estar ó día das innovacións tecnolóxicas que afectan o desenvolvemento da súa profesión: novas formas de comunicación, novas fontes documentais, novos soportes da información, novos sectores de mercado, etc.	A18 B3 A22 B14 A31 B16 B17
Relacionarse profesionalmente cos demais actores implicados no proceso de tradución: iniciador, cliente, informantes e expertos, receptores, etc. : a) desenvolver habilidades para as relacións interpersoais e o traballo cooperativo; b) aprender a traballar en equipos de carácter transdisciplinar; c) adquirir un compromiso ético ante o labor tradutor; d) aprender a assumir responsabilidades; e) aumentar o grao de confianza do alumno nas súas propias capacidades: autoconcepto de tradutor profesional; f) crear un espírito crítico e autocrítico.	A10 B3 A17 B4 A18 B7 A22 B9 A29 B14 A31 B17
Desenvolver un interese polo traballo responsable e eficaz e pola boa praxe profesional	A1 B2 A2 B3 A4 B4 A10 B7 A17 B9 A18 B14 A22 B17 A29 A31

### Contidos

Tema	
1. A Tradución en Galicia. O tradutor no seu contexto: paratraducción, ética e responsabilidade	- lingua, literatura e tradución. - historia da tradución en Galicia: a Idade Media; do Rexurdimento ó Golpe de Estado do 1936; a ditadura franquista; a época actual. - a tradución como compromiso. - traducir en Galicia na actualidade. - bibliografía: Even-Zohar (1996), Figueroa (2001), Woodsworth (1996), Ferro Ruibal (1999), González Millán (1995), Milán Varela (1996, 1998), Noia Campos (1995).
2. Tradución de textos literarios: relato curto	- Lectura crítica e interpretación de textos
3. Introducción á tradución audiovisual: cinema	- Historia e técnicas da tradución audiovisual: dobraxe e subtitulación

4. Tradución de ensaio humanístico. O tradutor profesional	- o tradutor profesional - presentación e entrega de traducións - elaboración de facturas - ergonomía e saúde laboral
5. Introdución á tradución de textos de especialidade	- problemas terminolóxicos - redacción bibliográfica

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	2	4
Estudo de casos/análises de situacións	33	66	99
Prácticas autónomas a través de TIC	3	18	21
Sesión maxistral	8	16	24
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descripción
Actividades introdutorias	Presentación do curso e do programa. Creación de grupos de traballo. Tarefas de xestión e administración da conta do alumnado en TEMA e noutras aplicacións que se empregarán no curso.
Estudo de casos/análises	Preséntaselle ó alumnado unha situación real de tradución ante a cal deberá de tomar unha serie de decisións sobre como realizar a encarga e solucionar os problemas que presenta.
Prácticas autónomas a través de TIC	A través da plataforma TEMA e doutras TIC da web 2.0 o alumnado deberá desenvolver e entregar traballos, responder a encargas, participar en debates, realizar cuestionarios de autoavaliación, participar no traballo en grupos, etc.
Sesión maxistral	Nestas sesións o profesor presentará: a) os temas introdutorios que servirán de marco de traballo para o resto do cuadrimestre, b) as cuestións metodolóxicas e técnicas relevantes en cada encarga de tradución

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	A atención personalizada realizarase tanto no horario de titorías oficial como por medio do correo electrónico ou dos foros da materia na plataforma TEMA. Ten como obxectivo: a) asesorar o alumnado sobre a realización das distintas encargas que se propoñan ó longo do curso. b) ofrecer axuda para a xestión dos grupos de traballo nos que se integren. c) atender as distintas necesidades do alumno en función das actividades que se realicen e das metodoloxías docentes empregadas
Actividades introdutorias	A atención personalizada realizarase tanto no horario de titorías oficial como por medio do correo electrónico ou dos foros da materia na plataforma TEMA. Ten como obxectivo: a) asesorar o alumnado sobre a realización das distintas encargas que se propoñan ó longo do curso. b) ofrecer axuda para a xestión dos grupos de traballo nos que se integren. c) atender as distintas necesidades do alumno en función das actividades que se realicen e das metodoloxías docentes empregadas
Prácticas autónomas a través de TIC	A atención personalizada realizarase tanto no horario de titorías oficial como por medio do correo electrónico ou dos foros da materia na plataforma TEMA. Ten como obxectivo: a) asesorar o alumnado sobre a realización das distintas encargas que se propoñan ó longo do curso. b) ofrecer axuda para a xestión dos grupos de traballo nos que se integren. c) atender as distintas necesidades do alumno en función das actividades que se realicen e das metodoloxías docentes empregadas
Estudo de casos/análises de situacións	A atención personalizada realizarase tanto no horario de titorías oficial como por medio do correo electrónico ou dos foros da materia na plataforma TEMA. Ten como obxectivo: a) asesorar o alumnado sobre a realización das distintas encargas que se propoñan ó longo do curso. b) ofrecer axuda para a xestión dos grupos de traballo nos que se integren. c) atender as distintas necesidades do alumno en función das actividades que se realicen e das metodoloxías docentes empregadas
Probas	Descripción

Resolución de problemas e/ou exercicios	A atención personalizada realizarase tanto no horario de titorías oficial como por medio do correo electrónico ou dos foros da materia na plataforma TEMA. Ten como obxectivo: a) asesorar o alumnado sobre a realización das distintas encargas que se propoñan ó longo do curso. b) ofrecer axuda para a xestión dos grupos de traballo nos que se integren. c) atender as distintas necesidades do alumno en función das actividades que se realicen e das metodoloxías docentes empregadas
---	--

## Avaliación

	Descripción	Cualificación
Estudo de casos/análises de situacóns	Axeitamento dos exercicios propostos e das traducións realizadas e entregadas á encarga e á situación de tradución	20
Prácticas autónomas a través de TIC	Valoración das distintas actividades realizadas polo alumno en TEMA	10
Sesión maxistral	Probas propostas ó fio dos contidos das sesións maxistrais	20
Resolución de problemas e/ou exercicios	Exame final	50

## Outros comentarios sobre a Avaliación

Nas dúas primeiras semanas de clase, todos os alumnos deberán entregarlle ó profesor da materia unha ficha de datos con foto. Non se avaliará ningún alumno que non entregue a ficha.

Para ter dereito á avaliação continua e a unha cualificación final, o alumnado deberá participar en tódalas actividades previstas na materia e asistir ó 80% das sesións presenciais de clase.

Nas distintas probas propostas será imprescindible responder tódalas preguntas. Salvo que se indique outra cousa, pódese responder en calquera das dúas linguas de traballo da materia.

Con respecto á corrección dos exames e exercicios, cómpre sinalar que se lle prestará unha especial atención ó dominio das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. Tres errores ortotipográficos ou morfosintácticos invalidarán calquera exame ou exercicio.

Nos exames permitírase o uso de diccionarios, apuntamentos, ordenador con conexión a internet e outros materiais.

No caso do alumnado que non se acollan á avaliação continua, deberá realizar un único exame na última sesión de clase do cuadrimestre. O exame terá unha parte teórica (respuesta a unha ou dúas preguntas sobre a parte teórica do temario e/ou as lecturas obligatorias; valor 50%) e outra práctica (traducción dun texto dunhas 350 palabras; valor 50%). Haberá que realizar as dúas partes obligatoriamente.

O exame, obrigatorio para tódolos alumnos, realizarase o derradeiro día de clase do cuadrimestre: **12 de decembro de 2014.**

Na convocatoria de xullo o alumnado deberá realizar un único exame na data fixada pola facultade. O exame terá unha parte teórica (respuesta a unha pregunta sobre a parte teórica do temario; valor 50%) e outra práctica (traducción dun texto dunhas 350 palabras; valor 50%). Haberá que realizar as dúas partes obligatoriamente.

## Bibliografía. Fontes de información

### 1. Bibliografía indispensable.

Xunto ás referencias que eventualmente se lles indiquen ós alumnos en clase, serán indispensables as seguintes obras:

- Álvarez, Rosario & Xove, Xosé. (2002) *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- *Gran Diccionario Xerais da Lingua Galega* (2000) Vigo: Xerais. (Ou equivalente).
- Guinovart, X. (coord.) (2008) *Diccionario CLUVI inglés-galego*. <http://sli.uvigo.es/diccionario/>
- Guinovart, X., Álvarez Lugrís & Díaz Rodríguez (2012) *Diccionario moderno inglés galego*. Santiago de Compostela: 2.0 Editora.
- RAG-ILG (2003) *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. 18ª ed., revisada. A Coruña: RAG-ILGA.
- *Webster's Third New International Dictionary of the English Language Unabridged*. Edited by Philip Babcock Gove (1993). Colonia: Könemann. (Ou equivalente).

## **2. Lecturas obligatorias.** (de poder ser, na orde que se citan)

- Gentzler, Edwin (1993) *Contemporary Translation Theories*. Translation Studies Series. Londres/Nova York:Routledge.
- Larose, Robert (1989) *Théories contemporaines dela traduction*. Quebec: Presses de l'Université de Québec. Segunda edición.
- Holmes, James S. (1988) *Translated! Papers on Literary Translation and Translation Studies*. Amsterdam/Atlanta (GA): Editions Rodopi B.V. [Capítulos: «The Name and Nature of Translation Studies», «Describing Literary Translations: Models and Methods», «Translation Theory, Translation Theories, Translation Studies and the Translator», «The Future of Translation Theory: a Handful of Theses», «The State of Two Arts: Literary Translation and Translation Studies in the West Today»].
- Even-Zohar, Itamar (1996) «Aposición da traducción literaria dentro do polisistema literario». Traducción galega de Gómez Clemente, Noia Campos e Sola Bravo, Viceversa. *Revista galega de traducción*, nº 2, 1996, pp. 57-65.
- Ferro Ruibal,Xesús (1999) «Reflexións verbo da traducción da Biblia ó galego» en Viceversa. *Revista galega de traducción*, nº 5, 1999, pp. 11-39.
- González-Millán, Xan (1995) «Cara a unha teoría da traducción para sistemas literarios marxinais». A situación galega» en Viceversa. *Revista galega de traducción*, nº 1, 1995, pp. 63-72.
- Noia Campos, María Camino (1995) «Historia da traducción en Galicia no marco da cultura europea» en Viceversa. *Revista Galega de Traducción*, nº 1, 1995, pp. 13-62.
- Millán-Varela, Carmen (1996) «A identidade do texto traducido. Arredor do texto galego do Ulysses», en Caneda Cabrera & Pérez Guerra (eds.) (1996) *Os estudios ingleses no contexto das novas tendencias*. Vigo: Universidade de Vigo. Pp. 287-305.
- Millán-Varela, Carmen (1998) «Nacionalismo versus universalismo nos anacos galegos de Ulysses», en Viceversa. *Revista galega de traducción*, nº 4, 1998, pp. 59-76.
- Figueroa, Antón (2001) *Nación, literatura, identidade*. Vigo: Xerais.
- Woodsworth, Judith (1996) «Language, Translation and the Promotion of National Identity. Two Test Cases», en *Target* , nº 8, vol. 2, pp. 211-238.
- Toury, Gideon (1997) «A traducción á lingua hebrea», en Viceversa. *Revista galega de traducción*, nº 3, 1997, pp. 11-24.
- March, Kathleen (1995) «Compromiso e ética da traducción», en *Boletín Galego de Literatura*, nº 14, 2º semestre, pp. 7-46.
- Toury, Gideon (sen data) «Enhancing Cultural Changes By Means of Fictitious Translations», en <http://spinoza.tau.ac.il/~toury/works/fict.htm>
- Rabadán, Rosa (1991) *Equivalencia y traducción. Problemática de la equivalencia translémica inglés-español*. León: Servicio de Publicaciones de la Universidad de León.
- Fernández Polo, Francisco Javier (1998) «Traducción e Retórica Contrastiva: pasado e perspectivas de futuro da investigación no campo», en Viceversa. *Revista galega de traducción*, nº 4, 1998, pp. 41-57.
- Samuelsson-Brown,Geoffrey (1998) *A Practical Guide for Translators*. Clevendon: Multilingual Matters.
- Chriss, Roger (2000) «Translation as a Profession». Xlation.com. Artigo en liña dispoñible na páxina <http://www.xlation.com/essays/tran01.php>.

---

### **Recomendacións**

#### **Materias que continúan o temario**

Tradución idioma 1, II: Inglés-Galego/V01G230V01502

Tradución idioma 1, III: Inglés-Galego/V01G230V01605

---

#### **Materias que se recomienda cursar simultaneamente**

Idioma moderno: Idioma 1, III: Inglés/V01G230V01303

---

#### **Materias que se recomienda ter cursado previamente**

Antropoloxía: Antropoloxía das prácticas de tradución e interpretación/V01G230V01209

Idioma moderno: Idioma 1, I: Inglés/V01G230V01103

Idioma moderno: Idioma 1, II: Inglés/V01G230V01203

---

## **Outros comentarios**

---

En xeral, para cursar a materias de Tradución Idioma 2,II inglés-galego, o alumno deberá posuér certos coñecementos e destrezas previos que se consideran ferramentas básicas de traballo:

- dominio das normas cultas das dúas linguas de traballo e corrección na expresión oral e escrita
- lectura comprensiva de textos (detección dedobres sentidos, intencionalidades ocultas, ironía, manipulación ideolóxica, etc. ) escritos nas dúas linguas de traballo
- coñecementos de ofimática, comunicación electrónica e internet: procesador de textos, correo electrónico, navegadores, dicionarios e encyclopedias electrónicos, correctores ortográficos, etc.
- uso eficiente dos fondos das bibliotecas, fontes de documentación e dicionarios

Para conseguir estes prerrequisitos propone o seguinte plano de traballo que o alumno debería desenvolver antes de comeza-lo período de docencia:

- estudo das Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego (véxase apartado de bibliografía) e da gramática inglesa
  - exercicios de lectura de todo tipo de textos escritos nas dúas linguas de traballo
  - traballo práctico co ordenador para familiarizarse co seu manexo, cos distintos programas e cos diferentes formatos textuais
  - sesións de traballo práctico na rede: busca e consulta de fontes de documentación (dicionarios, encyclopedias), xestión de contas de correo electrónico, envío de arquivos, etc.
  - asistencia ós cursos de formación ofrecidos pola Biblioteca xeral e pola biblioteca da facultade
-